



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Especialización dos equipos de intervención familiar dos servizos sociais comunitarios na prevención e detección da violencia na infancia e adolescencia

CONVOCATORIA: LOCAL, convocatoria

GRUPO: Cursos Local

ÁREA: Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	30
ADMINISTRACIÓN:	LOCAL	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 12/03/2026 - 09:00h ao 18/03/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

Promover o proceso de adaptación dos plans e iniciativas das entidades municipais ás esixencias da LO 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (en diante, LOPIVI).

Formar aos profesionais que formen parte ou que pretendan formar parte dos equipos de intervención familiar en materia de violencia infantil, co fin de adestralos na detección precoz, valoración e intervención fronte á violencia exercida sobre a infancia e adolescencia.

Fomentar medidas que promovan a sensibilización e a prevención de toda forma de violencia na infancia e adolescencia, neste sentido:

- Impulsar a cultura do bo trato á infancia e á adolescencia.
- Formar de xeito específico nas prácticas seguras e responsables na Internet.
- Informar sobre os factores de risco e dunha maior exposición e vulnerabilidade ante a violencia.

DESTINATARIOS

Terán prioridade, as empregadas e os empregados públicos municipais integrantes dos equipos de intervención familiar dos servizos sociais comunitarios básicos cos seguintes perfís profesionais:

- Persoal que ocupa postos de educador familiar con titulación nos graos universitarios de Educación Social, Psicoloxía, Pedagogía e Psicopedagogía, Maxisterio, etc.
- Persoal que ocupan postos de Pedagogos/as, Psicopedagogos/as, Psicólogos/as e da área da avogacía e do Dereito que formen parte dos equipos de intervención familiar, nos servizos sociais comunitarios básicos.

PROGRAMA

- Contextualización normativa: Convención de dereitos do neno, Observacións xerais do Comité de dereitos do neno, A Organización Mundial da Saúde. Directrices derivadas. A Lei Orgánica 8/2021, do 14 de xuño.
- Desde un enfoque de necesidades a un enfoque de dereitos: principios de intervención social.
- A protección integral: dereitos dos nenos e nenas e adolescentes fronte á violencia.
- A educación dos profesionais na prevención e detección precoz de toda forma de violencia sobre a infancia.
- As actuacións para levar a cabo unha vez que se detectaron indicios de violencia.
- A formación específica en seguridade e uso seguro e responsable da internet, incluíndo cuestións relativas ao uso intensivo e xeración de trastornos de conduta.
- O bo trato aos nenos, nenas e adolescentes.
- A identificación dos factores de risco e dunha maior exposición e vulnerabilidade fronte a violencia.
- Os mecanismos para evitar a vitimización secundaria.

- O impacto dos roles e estereotipos de xénero na violencia que sofren os nenos, nenas e adolescentes.
- Ámbitos de actuación: Desde o familiar, educativo e de intervención social, ata o dixital, sanitario, deportivo, de lecer ou policial.
- Implicacións da intervención social:
 - A condición de axente da autoridade.
 - A situación de risco. Supostos e declaración de risco. Os Indicadores de risco e a súa aplicación.
 - Coordinación de casos: o Rexistro Unificado de Servizos Sociais sobre a Violencia Contra a Infancia-RUSSVI.
 - Mecanización de datos na ferramenta informática destinada ao rexistro e comunicación de situacións de violencia exercida contra a infancia.
 - Tratamento e confidencialidade dos datos que se recollen nos expedientes.
 - Os equipos de intervención.
 - Situacións de urxencia.
 - Plan de intervención familiar individualizado.
 - As medidas para tomar cos menores de catorce anos en conflito na Lei Orgánica 5/2000. Pautas para a realización dos plans de seguimento.
- Disposicións e competencias xerais e municipais: Folla de ruta.
- Cuestións transversais; formación inicial, contratación de profesionais, cooperación e colaboración e supervisión.
- Procedemento BS623A. Cuestións básicas sobre a liña de financiamento da LOPIVI.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

-A selección dos alumnos será realizada polo Servizo de Coordinación dos Servizos Sociais Comunitarios, debido a especificidade e finalidade da acción formativa.

Criterios de selección a utilizar:

1º. Perfís profesionais de empregados e empregadas públicos que formen parte ou que prentedan formar parte dos equipos de intervención e apoio familiar dos servizos sociais comunitarios básicos e que ocupen postos de educadores familiares con grao universitario en educación social e equivalentes, psicólogos/as, pedagogos/as, psicopedagogos/as e profesionais da área da avogacía e do dereito

2º. Rigoroso orde de inscrición.

3º. Un profesional por concello.

4º. Non ter participado en edicións anteriores que se puideran realizar desta acción formativa, nin como profesional nin como concello.

Para o caso de que existan prazas libres poderá participar máis de un profesional por concello.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 14/04/2026 a 23/04/2026

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 23/04/2026 ás 18:00h

DOCENTES NOMEADOS

Cristina Blanco Aragón

Teresa Gutiérrez Manjón

JAVIER SUÁREZ SALVADO

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 7: O día 14 de abril de 09:00 a 14:00. O día 14 de abril de 16:00 a 18:30. O día 16 de abril de 09:00 a 14:00. O día 16 de abril de 16:00 a 18:30. O día 21 de abril de 09:00 a 14:00. O día 21 de abril de 16:00 a 18:30. O día 23 de abril de 09:00 a 14:00. O día 23 de abril de 16:00 a 18:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA